

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de maio de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

Invitados:

D. David Regades Fernández
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día seis de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(485).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia sa sesión.

2(486).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE VIGO ATE QUE SE FORMALICE NOVO CONTRATO AO EFECTO. EXPTE. 14744/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 30.04.13, o informe xurídico do 6.05.13, e de acordo co informe-proposta asinado polo xefe da Área de Fomento e polo xefe do Servizo de Enerxía, co visto e prace do concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adjudicar por procedemento negociado polas causas que se indicaron o subministro de enerxía eléctrica en baixa e media tensión para as distintas instalacións, sevizos e alumeados públicos do Concello de Vigo nas condicións establecidas con ENDESA ENERXÍA, S.A.U. no contrato de data 5 de abril de 2011 – salvo prezo e prazo - ata que se asine o novo contrato co licitador que resulte adjudicatario do mesmo, coa data límite do 31 de decembro de 2013.

Os prezos dos subministros serán os das seguintes táboas:

Táboa 1. Subministros en baixa tensión

LOTE	FAMILI DE SUBMINISTROS	Cts. €/kVh	OFERTA ENDESA 2011	OFERTA ENDESA PRORROGA
2	Semáforos	17,75340	16,333128	16,333128
	Túneles			
3	Campos de fútbol	17,27000	15,8884	15,8884
	IMD			
	Polideportivos			
4	Centros Docentes	17,00490	15,644508	15,644508
	Garderías			
5	Bibliotecas	17,18520	15,810384	15,810384
	Dependencias			
	Estacións de bombeo			
	Fontes públicas			
	Medidores atmosféricos			
	Parques forestais			
	Radares			
	Rego			
	Vivendas conserxes			
6	Alumeados Públicos	16,26586	14,9645912	14,9645912

Táboa 2. subministros en media tensión

		Tarifa	PMP OF.		
			Oferta En- desa C.	Proc. Nego- ciado	AFORRO ANUAL €
ES0022000004979818EY1P	ESTADIO DE BALAIOS	6.1	14,87393	9,8081	34.669,88
ES0022000007619412VM1P	TUNEL BEIRAMAR	6.1	12,96703	9,6522	40.828,16
ES0022000008337898KV1P	TUNEL AREAL AREAL	6.1	13,93723	9,5804	30.172,83
ES0022000007252993RE1P	COLEXIO A PAZ-FRAGOSELO	3.1A	18,14021	11,6377	2.685,86
ES0022000004979816EG1P	CONCELLO (ALUMBRADO)	3.1A	15,5297	11,6294	37.510,71

ES0022000004979972ME1P	COLEXIO IGREXA-BARROCAS	3.1A	17,49102	11,6809	3.022,54
ES0022000007251193SQ1P	PARQUE FORESTAL BEADE	3.1A	14,29686	11,4197	617,67
ES0022000008201637PP1P	VERBUM-CASA DAS PALABRAS	3.1A	16,14947	11,6181	13.759,91
ES0022000007274958JE1P	AUDITORIO CASTRELOS	3.1A	14,37305	11,239	568,55
ES0022000004979963MJ1P	VIGO-ZOO	3.1A	14,4411	11,6405	16.258,52
ES0022000004979878RC1P	COLEXIO SAN SALVADOR-TEIS	3.1A	15,45244	11,571	1.490,94
ES0022000004979817EM1P	CONCELLO (FUERZA)	3.1A	14,97787	11,5608	18.540,68
ES0022000004979101ZW1P	CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL	3.1A	14,37305	10,2935	42.726,64
ES0022000007560274ET1P	PISCINA LAVADORES	3.1A	15,03504	11,568	9.685,00
ES0022000008884267VK1P	PAVILLON DE NAVIA	3.1 A	14,37305	12,1128	3.259,14

O aforro anual estimado con este procedemento negociado ascende a cantidade de 255.797,04 €.

3º.- Aprobar o gasto para este subministro por importe estimado de 2.303.754,71 € (IVE engadido) correspondente a un período ata o 31 de decembro de 2013 como máximo con cargo ás partidas: 1650.221.0000; 1710.221.0000; 3210.221.0000 ; 3410.221.0000; 3420.221.0000; 9220.221.0000 e demais vinculadas a elas.

4º.- As condicións serán as mesmas que rexiron a adxudicación do primitivo contrato (salvo prezo e prazo que son os desta proposta), e que figuran nos pregos de condicións administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados pola Xunta de Goberno Local con data. 5 de agosto de 2010, que polo tanto se incorporan ao expediente.

5º.- O responsable do contrato será o mesmo que o do anterior, o Xefe dos Servizos Enerxéticos Emilio Iglesias Alvarez.

O presente acordo deberá notificarse a ENDESA ENERXÍA S.A.U. para que no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partires da súa recepción, comunique a este Organo de Contratación por escrito a súa conformidade co contido do mesmo. Por elo o presente acordo surtirá efectos si dita conformidade se produce. Asimesmo o contrato deberá formalizarse no prazo de 15 días contados a partires do seguinte á adopción do acordo.

Previamente ENDESA ENERXÍA S.A.U. deberá constituir garantía provisional polo 5% do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE, no suposto de que o primitivo aval do anterior contrato fose devolto. En caso contrario, ENDESA deberá prorrogalo ata a finalización do novo contrato.

Tamen ENDESA ENERXÍA S.A.U. no caso de non estar conforme co acordo, poderá interpoñer recurso de reposición ante este Órgano no prazo de 1 mes contado a partires do día seguinte ao da súa notificación, e que se entenderá desestimado si transcorre outro sen resolver, en cuxo caso poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de 6 meses contados a partires do día seguinte a que se produza a súa desestimación presunta por silencio.

Tamén poderá interpoñerse directamente o referido recurso xurisdiccional pero no prazo de 2 meses contados a partires do día seguinte á notificación do acordo.

Se o contratista presta a súa conformidade as condicións do contrato o acordo comunicarse a Intervención Xeral aos efectos oportunos.

Por último, tamén poderá interpoñer calesquera outra reclamación ou recurso que estime oportuno.

3(487).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN BAIXA E MEDIA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14694/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.04.13, o informe xurídico do 19.04.13, e de acordo co informe-proosta do xefe dos Servizos Enerxéticos, do 15.03.13, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, o xefe da Área de Fomento, o concelleiro da Área de Fomento e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescripcóns técnicas para o CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN superiores a 10 kW para os distintos edificios e instalacións eléctricas de titularidade do Concello de Vigo elaborado polos Servizos Enerxéticos con data 11 de marzo de 2013.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Area de Fomento con data 14 de marzo de 2013 para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN superiores a 10 kW para os distintos edificios e instalacións titularidade de Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para os distintos edificios e instalacións do Concello superiores a 10 kW con cargo as partidas e imputación presupostaria que se indican na seguinte taboa:

Aplicación presupostaria	Ano 2013	Ano 2014	Total
1710.221.00.00 (Parq. - Xardíns)	66.455,98	66.455,98	132.911,96
3210.221.00.00 (Educación)	295.548,54	295.548,54	591.097,08
3410.221.00.00 (Deportes)	131.670,38	131.670,37	263.340,75
9220.221.00.00(Dependencias)	544.469,66	544.469,66	1.088.939,32
1650.221.00.00 (alumeado público)	1.022.610,15	1.022.610,14	2.045.220,29
3420.221.00.00 (IMD)	243.000,00	243.000,00	486.000,00
TOTAL	2.303.754,71	2.303.754,69	4.607.509,40

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

4(488).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTO SOBRE ENERXÍA INTELIXENTE NA COMISIÓN EUROPEA. EXPTE. 1873/440.

Dáse conta da proposta da técnica de Fomento, do 3.05.13, conformada polo xefe de Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

É competencia do Concello o goberno e a administración do municipio, así como inspeccionar e impulsar as actividades e os servizos que contribúan a satisfacer as necesidades dos vigueses.

Tamén é competencia tarefas, como as que afectan á seguridade da cidadanía, a ordenación do tráfico de vehículos, a xestión urbanística ou a protección do medio ambiente. O Concello de Vigo, sempre ten estado moi conciencizado no aforro e a eficiencia enerxética, implicándose en todas as iniciativas ao respecto en beneficio da cidade.

Con esta intención se presenta o proxecto ESE Buildings, convocatoria do 2013 do programa Enerxía Intelixente de Proxectos de "Promoción e Difusión". O proxecto proposto encádrase na área de financiación "Iniciativas Integradas", actividade clave "Eficiencia enerxética e renovables en edificios" e prioridade: "impulso á certificación enerxética como motor da renovación paso a paso".

Dentro das actividades propostas están:

1. Xestión e Coordinación

Ten como obxectivo o establecemento e posta en práctica de mecanismos que permitan a coordinación, xestión, seguimento e avaliación das distintas actividades do proxecto asegurando a súa calidade e eficiencia e o cumprimento de requisitos de cronograma, recursos económicos e resultados a alcanzar.

2. Creación e posta en funcionamento dunha rede de traballo.

Trátase de poñer en contacto e establecer acordos e compromisos entre os distintos actores implicados na rehabilitación e certificación enerxética de edificios. En definitiva, de constituir una rede de expertos e entidades que asuman o compromiso de traballar no ámbito da rehabilitación e a certificación enerxética de edificios.

3. Priorización de Medidas de Intervención para a Mellora da Clasificación Enerxética

O obxectivo é dispoñer de información que permita establecer as medidas prioritarias de rehabilitación para a mellora da clasificación enerxética das residencias e edificios públicos según características tipo.

4. Desenvolvemento da Ferramenta para o Autodiagnóstico e a Obtención de Recomendacións

Trátase de dispoñer dunha ferramenta on line para o autodiagnóstico, accesible e de fácil manexo para os propietarios de vivendas, que lles oriente sobre as medidas que deberían acometer para mellorar a clasificación enerxética da súa residencia. Mediante a introducción dunha serie de datos correspondentes ás características da súa vivenda os propietarios obterán información individualizada sobre a clasificación enerxética e unha serie de recomendacións sobre posibles intervencións a realizar para a mellora de dita clasificación enerxética.

5. Prestación dun Servicio de Información, Asesoramento e Intermediación

O obxectivo é apoiar e acompañar aos propietarios de vivendas na adopción de medidas de rehabilitación enerxética e a obtención do seu certificado de rendimento enerxético, asegurando a efectiva implementación de medidas de eficiencia enerxética. Preténdese asegurar a efectiva implementación de medidas de eficiencia enerxética en vivendas das rexións participantes, para isto o persoal designado prestará un servizo que irá máis alá do asesoramento, acompañando ao usuario no proceso de mellora e certificación e realizando labores de intermediación entre o usuario, demandante das melloras e as empresas de servizos enerxéticos, ofertantes das melloras.

6.- Avaliación de Resultados

Trátase de comprobar e difundir os efectos das medidas de rehabilitación e mellora enerxética postas en práctica e a súa contribución ao impulso dos certificados enerxéticos. Para o que se deberán de especificar as conclusións obtidas pola aplicación de medidas de rehabilitación enerxéticas en vivendas, facendo unha descripción e abordaxe do papel que desempeña o usuario, os principais factores que inflúen nas necesidades enerxéticas e as limitacións existentes en ditas actuacións. Determinarase a utilización de protocolos estandarizados para a realización das labores de medición e verificación elaborados pola Efficiency Evaluation Organization.

7.- Comunicación

O obxectivo deste paquete de traballo é difundir o Proxecto, as súas actividades, produtos e resultados entre os beneficiarios, ademáis de estimular a súa participación nas distintas actividades co fin de alcanzar os obxectivos nel definidos. Porase un especial énfasis, xa que gran parte do éxito dun proxecto destas características residirá na súa capacidade de impacto sobre o público obxecto e a capacidade que este teña de dar a coñecer os resultados obtidos aos organismos, poderes públicos e entidades privadas cuio campo de traballo sexa o da certificación, a sostenibilidade e a rehabilitación baixo criterios enerxéticos. Como obxectivo lateral, engadiremos que tamén se optimizara o fluxo de información entre os socios do proxecto e facilitarán unha comunicación eficiente entre as institucións participantes no proxecto.

8.Socios

Lider. Coordinador

- Concello de Vigo (ESPAÑA).*

Socios:

- Faimevi (ESPAÑA).*
- Council D1 Bucharest (RUMANÍA).*

- *Agency for Energy Efficiency and Environmental Protection Bucharest (RUMANÍA).*
- *AREAL: Agencia Energía Algarve (PORTUGAL).*
- *Europäisches Zentrum für Erneuerbare. Energie Güssing GmbH (AUSTRIA).*
- *Slovenski E-Forum (ESLOVENIA)*
- *Politécnico de Bari (ITALIA).*

9. Cronograma

O proxecto proposto contempla unha execución de 36 meses. A avaliación coñecerase en novembro de 2013. Si resulta aprobado comezará a executarse en febreiro de 2014.

10. Presuposto

O Concello de Vigo como líder do Proxecto participará con 256.741 €, dos cales Europa aportará 192.555€ (o 75%) o resto do presuposto 64.186€ serán financiados con gastos de persoal municipal imputados ao Proxecto (ascenden a 81.088€).

Tendo en conta o anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

Autorizar á Concellería de Fomento a presentación do proxecto ESE BUILDINGS á convocatoria europea 2013 do “Programa Energía Inteligente de Proxectos de Promoción y Difusión”, con data límite 8 de maio de 2013. Tendo en conta que en tal proxecto participarán como socios:

- *Concello de Vigo.*
- *Faimevi.*
- *Conuncil d1 Bucharest (Rumanía)*
- *Agency for Energy Efficiency and Environmental Protection Bucharest (Rumania)*
- *Areal (Agencia Energía Algarve – Portugal).*
- *Europäisches Zentrum für Erneuerbare. Energir Güssing GmbH (Austria)*
- *Slonvenski E-Forum (Eslovenia)*
- *Politécnico de Bari (Italia).*

E será liderado polo Concello de Vigo cun orzamento de 256,741 € dos cales a Comunidade Europea aportará 192,555 € (75%), sendo o importe restante 64,186 € (25%) financiado polo Concello de Vigo, o que será xustificado cos gastos polo tempo de adicación do persoal municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.